



**BASES COMPLEMENTARIAS ERASMUS +
MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN**

XANEIRO - XUÑO 2017

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2016-2018**

Nº de PROXECTO: **2016-1-ES01-KA103-023834**

CIFP A Carballeira

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 740

ies.carballeira@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarballeira/>



1. COMITÉ DE SELECCIÓN

- Director do centro
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional
- Xefe do departamento de calidade e innovación
- Xefa do departamento de orientación profesional
- Coordinadora de programas internacionais
- Xefes dos departamentos didácticos

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS

As mobilidades dispoñíbeis para realizar estas prácticas asignaranse ás persoas interesadas, logo da presentación da súa solicitude, que será baremada segundo os seguintes criterios:

- **Obxectivos da mobilidade e impacto no centro (ata 3 puntos).**
- **Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**
 - B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
 - B1 (MERL) país destino: 2
 - B2 (MERL) ou superior inglés: 1
 - B2 (MERL) outro idioma 0,5
 - B1 (MERL) outro idioma 0,25
 - A2 (MERL) país destino: 0,25
- **Praza definitiva no centro (3 puntos).**
 - * Para a acreditación da praza definitiva no centro solicitarase ao secretario a certificación correspondente.
Non é preciso entregar a documentación solicitada no apartado 7.3 das bases xerais da convocatoria.
- **Non ter realizado outros proxectos de mobilidade no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel nos dous últimos anos (2 puntos).**
 - * Non é preciso entregar a documentación solicitada no apartado 7.2 das bases xerais da convocatoria.
- **Ter realizado a participación en proxectos de mobilidade no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel non sendo seleccionado (2 puntos).**
 - * Non é preciso entregar a documentación solicitada no apartado 7.2 das bases xerais da convocatoria.